



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día de 21 de febreiro de 2024 (Competencia delegada pola Alcaldía por Decreto Nº 152/2023, de 28 de xuño)  
Asinado dixitalmente. A Secretaria-Interventora. María Valiña Garrido

### **BASES REGULADORAS DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO. PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE IGUALDADE DE XÉNERO (EXPEDIENTE Nº 2024/E001/000002)**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

1.- O obxecto desta convocatoria é a creación dunha bolsa de emprego de técnico/a de igualdade de xénero, como funcionario/a interino/a, ó abeiro do artigo 10.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para a execución do programa financiado pola Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de persoal técnico nos servizos sociais municipais.

2.- O sistema selectivo elixido é o de concurso-oposición libre.

3.- Características do posto:

Grupo: A

Subgrupo: A2

Escala: Administración Especial

Subescala: Técnica

Denominación: Técnico/a de igualdade

Funciós: As funciós, con carácter xeral, serán as seguintes:

- a) Detección de necesidades en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e prevención e intervención da violencia de xénero.
- b) Información, orientación e asesoramento en materia de igualdade.
- c) Programación, planificación, intervención e realización de proxectos de dinamización de políticas de igualdade no territorio.
- d) Coordinación de profesionais de diferentes áreas e departamentos relacionados coa igualdade de oportunidades.
- e) Seguimento e avaliación das diferentes intervencións.
- f) Asistencia técnica na aplicación da perspectiva de xénero de forma transversal.
- g) Elaboración e emisión de informes de impacto de xénero e documentar procesos.
- h) Colaboración e coordinación coa Deputación de A Coruña no desenvolvemento de políticas públicas de igualdade.
- i) Participación na formación continua programada desde a Deputación provincial da Coruña.

Ademais realizará as seguintes determinadas polo Concello no marco das políticas de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero:

- Elaboración, implementación e avaliación de plans de igualdade municipais.
- Deseñar e impulsar a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas públicas municipais.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

- Diseñar e xestionar programas de sensibilización, información e formación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero.

Tipo de xornada: Completa

Retribucións básicas: As correspondentes ó subgrupo A2

Complemento de destino: Nivel 18

A bolsa terá unha duración dun ano con data de finalización o día 31 de decembro de 2024. No suposto de que, previa solicitude do Concello, pola Deputación de A Coruña se financie o programa, en anos sucesivos, ó amparo do programa para o financiamento de persoal técnico nos servizos sociais municipais, o nomeamento poderá prorrogarse por dous anos, tendo en todo caso como data límite o 31 de decembro de 2026.

### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Os aspirantes terán que reunir, na data que remata o prazo sinalado para a presentación de solicitudes, as seguintes condicións:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público

- Ter cumpridos 18 anos de idade na data da convocatoria e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- Ter Grao, Licenciatura ou Diplomatura en igualdade, socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagogía ou pedagogía, traballo social, educación social ou equivalente da área de ciencias sociais e xurídicas.

- Ter formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero (mínimo 500 h). É imprescindible para que o persoal sexa especializado salvo no caso do Grao en Igualdade.

- Estar en posesión do nivel de CELGA 4 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ó previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega). En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

- Non ter sido separado nin despedido, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario.

No caso de pertencer a outro Estado, non atoparse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao servizo público.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

### **TERCEIRA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes para tomar parte no proceso, conforme ó modelo Anexo II que acompaña ás presentes bases, dirixiranse ó Sr. Alcalde e presentaranse na sede electrónica do Concello <https://sede.manon.es/> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de (8) oito días naturais, contados dende o día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As instancias, xunto coa documentación precisa (requisitos e méritos) tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un e-mail ao seguinte: [correo@manon.es](mailto:correo@manon.es), coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos contidos nela e, de ser necesario, comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coa dita solicitude, os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do DNI.
- 2.- Fotocopia do documento que acredita a titulación mínima esixida ou equivalente.
- 3.- Fotocopia do Celga 4 ou certificado de perfeccionamento (no seu caso).
- 4.- Fotocopia do carné de conducir tipo B
- 5.- A relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo.

### **CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

1. Finalizado o prazo fixado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de dez días naturais, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará nos taboleiros de anuncios do Concello. No caso de que non existan defectos a emendar, a listaxe provisional de admitidos considerárase definitiva a tódolos efectos.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva nos taboleiros de anuncios do Concello.

3. Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen o proceso selectivo.

### **QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.**

A selección das persoas aspirantes realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

#### **1.- Fase de oposición: Máximo 12 Puntos**

**a) Primeira proba:** Este exercicio será de carácter obrigatorio e eliminatorio e consistirá en contestar, por escrito e durante o tempo máximo dunha hora, tres preguntas relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo I das presentes bases.

O Tribunal cualificará este exercicio de 0 a 6 puntos, a razón de dous puntos por pregunta, sendo preciso acadar un mínimo de 3 puntos para poder realizar a seguinte proba.

**b) Segunda proba:** Este exercicio será de carácter obrigatorio e eliminatorio e consistirá en contestar, por escrito e durante o tempo máximo dunha hora, un caso práctico en relación coas materias contidas no temario que figura no anexo I das presentes bases.

O caso práctico consistirá na contestación a tres preguntas que se valorarán a razón de dous puntos por pregunta.

O Tribunal cualificará este exercicio de 0 a 6 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de tres puntos para considerar superada a proba.

Non formarán parte da fase de concurso os aspirantes que non alcancen un mínimo de 6 puntos na fase de oposición.

A data e lugar na que se celebrará as probas anunciaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

As persoas aspirantes convocaranse nun chamamento único, agás en casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. A non comparecencia no momento de ser chamados, comportará que decae automaticamente, e, en consecuencia, quedará excluído do proceso selectivo.

Os exercicios realizados nas probas incluídas nesta fase de oposición, serán lidos por cada unha das persoas aspirantes. No exercicio do caso práctico o Tribunal poderá, se o considera necesario, realizar preguntas que axuden a unha maior comprensión e definición do exercicio práctico.

#### **2.- Fase de concurso.**

A fase de concurso que será posterior á fase de oposición, non terá carácter eliminatorio.

A puntuación máxima será de 8 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

a) Experiencia profesional: 6 puntos

Experiencia, acreditada documentalmente, na planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de actividades relacionadas coa temática da igualdade e loita contra a violencia de xénero.

- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública no mesmo posto de traballo ou análogo: 0,20 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados fora da administración pública no mesmo posto de traballo ou análogo: 0,10 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e, inescusablemente, informe da vida laboral actualizado. No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante resolución do nomeamento e/ou a toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

Xunto coa documentación mencionada deberá achegarse certificación expedida pola Administración Pública ou pola empresa pública ou privada onde se prestaron os servizos de planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de actividades relacionadas coa temática da igualdade e loita contra a violencia de xénero.

b) Formación: 2 puntos.

Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

- Duración de 20 a 50 horas, a razón de 0,05 puntos/curso.
- Duración de 50 a 150 horas, a razón de 0,10 puntos/curso.
- Duración de 151 a 300 horas ou mais, a razón de 0,30 puntos/curso.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos; de non figurar, entenderase que teñen menos de 20 horas e, polo tanto, non serán valorados

Os méritos deberanse posuír na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a dita data, sendo valorados unicamente os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

A puntuación final estará determinada pola suma da puntuación obtida na fase de oposición e os méritos da fase de concurso.

No caso de empate, terá preferencia a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate daráselle prioridade á puntuación obtida na fase de concurso. En último caso, o empate será resolto mediante sorteo.

### **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

1.- O tribunal cualificador será designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local) en base ao establecido por RD Lexislativo 5/2015, Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás praza convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Será posible o nomeamento dun colaborador, de ser preciso.

De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas, publicará no taboleiro de edictos



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevaraa á Alcaldía.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á aprobación do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría segunda (2.<sup>a</sup>) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

### **SÉTIMA.– CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.**

1. A cualificación obtida polas persoas aspirantes na fase de oposición e na fase de concurso será a cualificación final do proceso selectivo.

2. Determinada a cualificación final o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación nos Taboleiros de Anuncios do Concello.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ó do posto convocado.

4. No caso de empate, terá preferencia a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate daráselle prioridade á puntuación obtida na fase de concurso. En último caso, o empate será resolto mediante sorteo.

### **OITAVA.– RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.**

As persoas aspirantes que resulten seleccionadas quedarán sometidas ó réxime de incompatibilidades vixente e non poderán compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados.

### **NOVENA.– ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DAS PERSOAS PROPOSTAS PARA O NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN.**

1. Unha vez realizado o chamamento oportuno a persoa aspirante proposta achegará, dentro do prazo de cinco días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.
- b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido.
- c) Certificado médico actualizado –considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses–, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Fotocopia compulsada do número de afiliación á Seguridade Social, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- f) Documento acreditativo do número da conta bancaria.

2. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, o aspirante poderá acreditar que reúne as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.





## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

3. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario interino, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

### **DÉCIMO SEGUNDA.– NOMEAMENTO**

1. Concluído o proceso selectivo, o aspirante aprobado, serán nomeado funcionarios interino, pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación do nomeamento no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa toma de posesión, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 10 días naturais a partir da publicación do nomeamento; de non facelo nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes.

### **DÉCIMO TERCEIRA: CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DE BOLSA DE EMPREGO**

1. As persoas aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, non fosen nomeados coma funcionarios interinos, pasarán a conformar unha bolsa de traballo, para a cobertura de posibles baixas por incapacidade temporal, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas do candidato seleccionado, ou para cubrir outras necesidades que poidan xurdir sempre que concorran algunha das circunstancias descritas nos artigos 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, TREBEP, e o artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

2. A listaxe de contratación funcionará do seguinte xeito:

- Terá a vixencia establecida nas presentes bases.
- As persoas integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados coma funcionarios interinos, unha vez rematada a cobertura, retomará ao posto que lle corresponda na lista.
- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar ao Concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas, pasando a contactar co seguinte candidato segundo a orde de prelación, no caso de que non se puidese realizar o contacto. O empregado público que realice o chamamento farao constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir temporalmente a praza que corresponde, ou ben da imposibilidade de contactar con el se fose o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio.
- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese mesmo prazo a documentación requirida na Base Novena.
- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ao seguinte aspirante da bolsa. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do funcionario que fixera a chamada telefónica.
- O aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que acredite causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda vez que rexeitara sen causa



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

xustificada será excluído desta lista mediante resolución da Alcaldía. Consideráanse coma causas xustificadas:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo, nomeamento ou certificación).

3. En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión da listaxe.

4. O efectivo funcionamento da listaxe estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

5. Unha vez presentada a documentación establecida na Base Novena, ditarase resolución da alcaldía na que se aproba ao aspirante seleccionado para o seu nomeamento.

### **DÉCIMA.– CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.**

Estas Bases vincularán ó Concello de Mañón, ós tribunais cualificadores e ós aspirantes que participen no proceso selectivo.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.– INCIDENCIAS.**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **DÉCIMO SEGUNDA.– RÉXIME XURÍDICO.**

O proceso regularase, no non previsto por estas bases, polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, no que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, que aproba a Lei do Emprego Público de Galicia; polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, no que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixente en materia de Réxime Local (artigos do 134 ao 137); polo Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, no que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real Decreto 364/95, no que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

### **DÉCIMO TERCEIRA.– DISPOSICIÓN FINAL.**

Estas bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 de 2 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### ANEXO I

#### TEMARIO

Tema 1. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: principios xerais e obxecto da Lei. Estructura dos servizos sociais en Galicia. Servizos Sociais Comunitarios Básicos. Servizos Sociais especializados

Tema 2. Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Tema 3. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Tema 4. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Tema 5. Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

Tema 6. Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Tema 7. Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Tema 8. Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro pola que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Tema 9. Funcións e principios reitores da área de Igualdade de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña.

Tema 10. Servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tema 11. Eleboración e execución de plans, programas, proxectos e actividades en materia de xénero e igualdade.

Tema 12. Metodoloxías para a participación en grupo: técnicas e dinámicas de presentación e animación; técnicas e dinámicas de análise e profundización, técnicas para a avaliación; ferramentas informáticas para reunións on line.



# CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

## ANEXO II

**BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO (2024/E001/000002).- Programa financiado pola Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de persoal técnico nos servizos sociais municipais.**

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ domicilio en \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_, portal \_\_ piso \_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_ concello \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Mañón para a creación dunha bolsa de emprego de TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO (2024/E001/000002).

II. Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras do proceso de selección, que coñezo e acepto.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométo-me a xustificalos documentalmentemente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no proceso selectivo convocado polo Concello de Mañón para a creación dunha bolsa de emprego de TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO (2024/E001/000002), achegando para estes efectos a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Fotocopia Títulos esixidos para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- Fotocopia Certificado Celga 4 ou certificado de perfeccionamento.
- Fotocopia do Carné de conducir clase B
- Relación ORDEADA E FOLIADA dos méritos alegados e documentación acreditativa destes, segundo o modelo do Anexo III
- Declaración responsable, segundo o modelo do Anexo IV

Solicita realizar as probas en (marque unha opción)

- Castelán.  
 Galego

Lugar e data

**Pola presente autorizo coa miña sinatura a cesión de datos contidos na presente instancia e na documentación que se acompaña ao Concello de Mañón, con dirección en Praza do Mesón, nº 1- 15337 Mañón a fin de que ese Concello poida utilizalos para todos os trámites relacionados directa ou indirectamente co presente proceso de selección, así como a xestión administrativa do mesmo. Igualmente autorizo ao Concello de Mañón á conservación dos datos facilitados mentres non se solicite a supresión dos mesmos e, en todo caso, durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas derivadas do presente proceso de selección**

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN

## ANEXO II

**BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO (2024/E001/000002).- Programa financiado pola Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de persoal técnico nos servizos sociais municipais.**

RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

D./Dna.

DNI.:

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

9.-

10.-

(...)

Lugar e data

Asinado

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN

### ANEXO IV

**BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO (2024/E001/000002). Programa financiado pola Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de persoal técnico nos servizos sociais municipais.**

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,

con DNI \_\_\_\_\_

DECLARA:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Lugar e data

Asinado

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN